



CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

A Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada con data 27 de xuño de 2019 ditaminou favorablemente a Conta Xeral do Concello de Carballedo correspondente ao exercicio económico de 2018, o que faise público, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, advertíndo que durante o prazo de quince días, e oito mais, os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunos.

Durante o antedito prazo poderá examinarse o expediente en horario de nove a dúas, de luns a venres, na Secretaría do Concello.

Carballedo, 27 de xuño de 2019.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco .

R. 1929

COSPEITO

Anuncio

ANUNCIO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES POLAS TAXAS DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SUMIDOIROS, RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E CANON AUTONÓMICO DE AUGA CORRESPONDENTE AO PRIMER TRIMESTRE DE 2019.

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, o Alcalde - Presidente mediante Resolución núm. 75/19 do 14/02/19 adoptou acordo polo que se aproba o Padrón de contribuíntes das Taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos, e canon autonómico de auga correspondentes ao Primer trimestre de 2019 e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

“ PRIMEIRO. Aprobar o Padrón de contribuíntes polos conceptos de Taxa polo servizo de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga cunha cota total de 60.003,76€ (IVE incluído) correspondente ao 1º trimestre de 2019 e polos seguintes importes desagregados por conceptos tributarios:

Período	Auga	Lixo	Sumidoiros	Canon de auga	IVE	TOTAL
1º T 2019	25.302,38	21.051,57	521,73	10.593,74	2.534,34	60.003,76

SEGUNDO. Reiterar a publicación do período de cobro en voluntaria reflectido no calendario fiscal do ano 2019 modificado por resolución de alcaldía de data 28.05.2019:

Padrón	Período voluntario de cobro
1º Trimestre 2019	Do 17/06/2019 ao 19/08/2019

TERCEIRO. Dispor a apertura dos períodos voluntarios de pago dos referidos padróns e nos períodos indicados no punto anterior, para a xestión recadatoria dos padróns correspondentes, dando exposición pública ao acordo mediante anuncio a inxerir no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Cospeito.

CUARTO. *Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

(...)."

CANON DE AUGA

De conformidade co disposto no artigo 49.7. do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga, faise constar que o procedemento para o cobro do canon de auga en período voluntario será unitario co seguido para a recadación dos dereitos que á entidade subministradora correspondan polo servizo de abastecemento de auga. O contribuínte que a falla de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcrito dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercitar calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico -administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

FORMA DE PAGAMENTO

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello, nas horas de atención ao público (Caixa Rural Galega, Banco Pastor e Abanca). Transcorridos ditos prazos iniciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.

2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.

3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 27 de xuño de 2019.- O Alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

R. 1926

Anuncio

DELEGACIÓN ESPECÍFICA DE VODA

DECRETO DELEGACIÓN ESPECÍFICA

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

De conformidade co disposto no artigo 51 do Código Civil, nos artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, nos artigos 44 e 47 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, no artigo 61.3 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais normativa concordante,

RESOLVO:

PRIMEIRO.– Delegar a favor de D^o. Carmen Nodar Domínguez, concelleira do Concello da Cospeito, a atribución para autorizar a celebración dun matrimonio o día 6 de xullo de 2019, ás 12.00 horas, na Casa Consistorial do Concello da Cospeito.

SEGUNDO.– Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.– Comunicar a D^o. Carmen Nodar Domínguez a presente Resolución para o seu coñecemento e efectos.

O manda e asina o Sr. Alcalde, D. Armando Castosa Alvariño, en Cospeito na data que figura ao marxe; do que eu, como Secretario, dou fe.

En Cospeito 4 de xullo de 2019.- O Alcalde, Don Armando Castosa Alvariño.

R. 2012

FRIOL*Anuncio*

Polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 27 de xuño de 2019, prestouse aprobación ao expediente de modificación de créditos número 5/2019, (segundo de competencia do Pleno), para transferencias de crédito, dentro do vixente orzamento municipal, e por un importe de oitenta e cinco mil catrocentos trinta e un euros (85.431,00 €).

Modifícase o Anexo de inversións do vixente Orzamento.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao Alcalde-Presidente do Concello.

Friol, 28 de xuño de 2019.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1915

Anuncio

Polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 27 de xuño de 2019, prestouse aprobación ao expediente de modificación de créditos número 4/2019, (primeiro de competencia do Pleno), para créditos extraordinarios e suplementos de crédito, dentro do vixente orzamento municipal, e por un importe de trescentos catorce mil euros (314.000,00.-), con cargo ao Remanente líquido de Tesourería dispoñible do exercicio anterior na data de aprobación deste expediente, para investimentos financeiramente sostibles e outras necesidades.

Modifícase o Anexo de inversións e o que contén a relación de subvencións nominativas da vixente Base 13^a das Bases de Execución do Orzamento.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao Alcalde-Presidente do Concello.

Friol, 28 de xuño de 2019.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1916

LÁNCARA*Anuncio*

De conformidade co decreto de 5 de xullo faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal para:

Encargada de biblioteca e da OMX

A convocatoria e as bases aprobadas están colgadas na sede electrónica do Concello de Láncara na seguinte dirección <http://lancara.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 5 de xullo de 2019.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2066

LUGO

Anuncio

DECRETO NÚMERO 19004359 DO 21/05/2019

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tte. de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que polo Decreto número 17010970, de 15 de decembro de 2017, se resolveu convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición, para o acceso en propiedade a catro prazas de Oficial Maquinista Fontaneiro/a, pertencentes ao cadro de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal. Dito Decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo", núm. 017, de 22 de xaneiro de 2018.

De igual xeito foi publicado extracto de dita convocatoria no "Diario Oficial de Galicia" núm. 57, de 21 de marzo de 2018 e anuncio no "Boletín Oficial del Estado" nº 104, de 30 de abril de 2018.

Vista a acta do Tribunal cualificador, de data 8 de maio de 2019, relativa á resolución do mencionado proceso selectivo, na que se pon de manifesto que, o Tribunal cualificador, acorda:

"Primeiro: Propoñer o acceso en propiedade a catro prazas de Oficial Maquinista Fontaneiro/a pertencentes ao cadro de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de consolidación de emprego temporal (OPE 2015), a:

DON CAMILO JOSE DE CASTRO RODRIGUEZ (25,368 puntos)

DON JOSE RAMON SANCHEZ SUAREZ (24,190 puntos)

DON VICTOR MANUEL MOSQUERA BERTOLO (23,330 puntos)

DON MIGUEL BRAVOS PAZOS (18,630 puntos)

por ser os aspirantes que acadaron a maior puntuación no proceso selectivo.

Segundo.- Elevar a citada proposta de contratación ó Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde Delegado da Area de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo e na páxina web municipal, sen perxuízo da posterior publicación no BOP de Lugo por parte da autoridade convocante."

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, modificado polo Decreto número 18003431 do 26-04-2018, **RESOLVE:**

Primeiro.- Facer pública a relación dos aspirantes aprobados así como a puntuación obtida no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base décimo oitava das Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de persoal de funcionarios e de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día dezoito de xuño de dous mil oito, e modificadas polo citado órgano nas sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013 e 15.10.2014, e publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 256, do 7 de novembro de 2014.

4 PRAZAS DE OFICIAL MAQUINISTA FONTANEIRO:

DON CAMILO JOSE DE CASTRO RODRIGUEZ (25,368 puntos)

DON JOSE RAMON SANCHEZ SUAREZ (24,190 puntos)

DON VICTOR MANUEL MOSQUERA BERTOLO (23,330 puntos)

DON MIGUEL BRAVOS PAZOS (18,630 puntos)

Segundo.- Os opositores aprobados, de conformidade coa base décimo novena das Bases Xerais referidas, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na

súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Declaración xurada de non estar separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso en ningún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- b) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.
- c) Dúas fotografías tamaño carné.
- d) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Os/as aspirantes aprobados que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

Terceiro.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 28 de xuño de 2019.

R. 1917

Anuncio

DECRETO NÚMERO 19004360 DO 21/05/2019

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tte. de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que polo Decreto número 17011445, de 27 de decembro de 2017, se resolveu convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición, para o acceso en propiedade a unha praza de Peón (especialista) pertencente ao cadro de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal. Dito Decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo", núm. 034, de 10 de febreiro de 2018.

De igual xeito foi publicado extracto de dita convocatoria no "Diario Oficial de Galicia" núm. 73, de 16 de abril de 2018 e anuncio no "Boletín Oficial del Estado" nº 143, de 13 de xuño de 2018.

Vista a acta do Tribunal cualificador, de data 29 de abril de 2019, relativa á resolución do mencionado proceso selectivo, na que se pon de manifesto que, o Tribunal cualificador, acorda:

"Primeiro: Propoñer o acceso en propiedade a unha praza de Peón (Especialista), pertencente ao cadro de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de consolidación de emprego temporal (OPE 2015), a DON MANUEL SIMÓN PEREZ, por ser o aspirante que obtivo a maior puntuación no referido proceso selectivo: 21,566 puntos.

Segundo.- Elevar a citada proposta de contratación ó Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo e na páxina web municipal, sen perxuízo da posterior publicación no BOP de Lugo por parte da autoridade convocante."

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, modificado polo Decreto número 18003431 do 26-04-2018, **RESOLVE:**

Primeiro.- Facer pública a relación do aspirante aprobado así como a puntuación obtida no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base décimo oitava das Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de persoal de funcionarios e de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día dezoito de xuño de dous mil oito, e modificadas polo citado órgano nas sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013 e 15.10.2014, e publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 256, do 7 de novembro de 2014.

1 PRAZA DE PEON (ESPECIALISTA):

DON MANUEL SIMÓN PEREZ (21,566 puntos)

Segundo.- O opositor aprobado, de conformidade coa base décimo novena das Bases Xerais referidas, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Declaración xurada de non estar separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso en ningún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- b) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.
- c) Dúas fotografías tamaño carné.
- d) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Os/as aspirantes aprobados que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

Terceiro.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 28 de xuño de 2019.

R. 1918

Anuncio

ANUNCIO DE FORMALIZACIÓN DE CONTRATO

En cumprimento do disposto no artigo 154 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
- b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
- c) **Obtención de documentación e información:**
 1. **Dependencia:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
 2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
 3. **Localidade e C.P:** Lugo, 27002

4. **Teléfonos:** 982.297.327/ 256 / 186.
5. **Telefax:** 982.297.259.
6. **Correo electrónico:** contratacion@concellodelugo.org
7. **Dirección internet:** www.lugo.gal (Perfil do contratante)
8. **Data límite de obtención de información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

d) Número de expediente: 40/2017

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: servizos

b) Descrición: Este contrato ten por obxecto a prestación dos servizos de colaboración coa xestión recadatoria municipal da totalidade dos ingresos municipais, tributarios ou non, susceptibles de ser xestionados en período executivo, xa sexan impostos, taxas, contribucións especiais, prezos públicos, e calquera outro recurso que constitúa fonte de financiamento da Facenda Local, así como a colaboración na xestión e recadación das multas en período voluntario e executivo, todo isto de acordo co disposto no prego de condicións técnicas redactado pola Tesourería municipal.

Con carácter xeral, e sen prexuízo das particularidades sinaladas no prego de prescricións técnicas, o contrato comprende a realización de cantas tarefas de apoio, execución e asistencia técnica se consideren necesarias, sen que en ningún caso se contemple a produción de actos administrativos nin aqueles que impliquen exercicio de autoridade.

c) División por lotes: NON

d) Lugar de execución/entrega: Concello de Lugo

e) Prazo de duración/ Prazo de execución

A duración do contrato será DUN ANO dende a data da súa sinatura.

En todo caso, a finalización do contrato quedará pendente e vinculada ao momento en que se atopen preparados todos os medios necesarios para que o servizo de recadación executiva sexa prestado completamente desde a Tesourería Municipal, todo iso en cumprimento do acordo plenario do 23 de febreiro de 2017 (proposición do Grupo Mixto (ACE-EU) número 38/2017 de Rexistro de Pleno, sobre a municipalización integral da xestión tributaria local). Se isto acontecese antes do vencemento do contrato, este quedará resolto sen indemnización ningunha ao contratista.

Non obstante, se á data de vencemento da vixencia do contrato ou da súa prórroga, se é o caso, non coincidise con algún período de rendición obrigatoria de contas, entenderase automaticamente prorrogado este contrato ata o día de vencemento dos ditos períodos, na totalidade das súas cláusulas e estipulacións.

f) Admisión de prórroga: SI, prorrogable por UN ano máis por mutuo acordo expreso das partes antes da finalización daquel, sempre que as partes non denuncien este cunha antelación de ao menos tres meses á finalización do contrato ou da súa prórroga.

g) Establecemento de acordo marco: Non

h) CPV 2008: 75130000-6 Servizos de apoio aos poderes públicos.

79940000-5 Servizos de axencias de recadación de fondos.

3.- Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: Ordinario

b) Procedemento: Aberto

c) Publicidade: Si

Anuncios de licitación: DOUE 01/03/2018- BOE, BOP e perfil do contratante do 08/03/2018 e PCSP13/03/2018

4.- Valor estimado do contrato: 3.794.967,56 euros

5.- Orzamento base de licitación (primeira anualidade) 1.897.483,78 euros máis o IVE (21%) . Total de 2.295.955,37 euros IVE incluído.

6.- Formalización do contrato

a) Data de adxudicación: 23/05/2019

b) Data de formalización: 21/06/2019

c) Contratista e N.I.F.: GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A co NIF número A81957367

d) Importe da adxudicación: - O prezo do contrato para a primeira anualidade, de conformidade co cadro remitido pola responsable do contrato que se transcribe a continuación ascende a cantidade de 1.144.741,47 euros sen IVE, que sumando o 21 % de IVE (240.395,75 €), resulta un total de 1.385.137,18 IVE incluído

Lugo, 27 de xuño de 2019.- A ALCALDESA, Lara Méndez López.

R. 1919

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓNS TAXA POLO ABASTACEMENTO DE AUGA , TAXA REDE DE SUMIDOIROS e canon auga maio - xuño 2019 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 24.06.2019 aprobáronse os padróns da Taxa polo abastecemento de auga, a Taxa de rede sumidoiros e Canon de auga do terceiro bimestre 2019 (maio- xuño).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns da Taxa polo abastecemento de auga e Taxa pola Rede sumidoiros e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 28.06.2019 ata o 30.08.2019.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.
- 2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.
- 3) A través da páxina web www.aqualia.es.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 28 de xuño de 2019.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 1920

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

Advertido erro na publicación de anuncio deste Concello de data 5 de xullo de 2019, na páxina 17, do BOP DE Lugo nº 153, onde di:

“CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE OITO PEÓNS, DOUS XEFES DE BRIGADA E DOUS PEÓN-CONDUTORES...”, debe decir:

“CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE OITO PEÓNS, DOUS XEFES DE BRIGADA E TRES PEÓNS-CONDUTORES...”

A Proba de Navia, 5 de xullo de 2019.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 2013

AS NOGAIS*Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía de data 28/06/19, foron aprobadas as bases específicas para a selección e posterior contratación de 10 traballadores/as para a formación de dúas brigadas de prevención e defensa contra incendios tres traballadores para actuacións de Vehículo Motobomba ao abeiro do Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de As Nogais para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, para os seguintes postos:

- 2 Xefes de brigada
- 2 Peóns-condutor
- 6 Peóns de brigada
- 3 Condutores de Motobomba

Duración dos contratos: 3 meses

Prazo de presentación de solicitudes: nos tres días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no rexistro Xeral do concello en horario de 8.00 a 15.00 horas, de luns a venres.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas na páxina web do Concello www.concelloasnogais.es, no taboleiro de edictos do concello de As Nogais.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

As Nogais, 28 de xuño de 2019.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1921

PORTOMARÍN*Anuncio***CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL**

De conformidade co disposto na Resolución da Alcaldía de 28 de xuño de 2019, faise pública convocatoria para a selección de persoal laboral temporal para prevención e defensa contra incendios forestais, para a tempada 2019, no marco do Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello do Portomarín, mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do PDR Galicia 2014-2020:

- Un xefe de brigada.
- Un peón condutor brigada.
- Tres peóns brigada.
- Tres peón condutor motobomba.
- Dous operarios condutores de trator/desbrozador.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de O Portomarín en horario de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Cando as solicitudes se presenten fora do Rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir comunicación por fax ao concello (982 545 104) ou ao correo concellobelen@hotmail.com, comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente.

O prazo de presentación será de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Requisitos: os establecidos nas bases da convocatoria.

Procedemento de selección: a realización dunha proba teórica tipo test e valoración de méritos, segundo o establecido nas bases que se atopan a disposición dos interesados/as nas oficinas municipais e na páxina web do Concello do Portomarín: www.concellodeportomarin.es

Portomarín, 1 de xullo de 2019.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 1930

RÁBADE

Anuncio

O Pleno do concello, na sesión extraordinaria celebrada o 27 de xuño de 2019, aos efectos do artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, adoptou os acordos que se transcriben a continuación, na súa parte dispositiva, que se publican no BOP en cumprimento dos artigos 114 a 116 do ROF, e 9 da Lei 40/2015.

1º.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS.

Dáse conta ao Pleno do seguinte decreto de Alcaldía, quedando o Pleno por enterado. Recóllese na acta o tenor literal do mesmo:

DECRETO DA ALCALDÍA. Rábade, a 21 de xuño de 2019.

En cumprimento dos artigos 25 do Regulamento de Organización e Funcionamento aprobado polo Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro de 1986, e 74 e 75 da Lei de Administración Local de Galicia, dáse conta ao Pleno do Concello dos escritos de constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e voceiros.

- Grupo Político do Partido Popular.

Integrantes:

D^a. Remedios González Cabarcos.

D^a. Maria Pilar Dapena González.

D. Manuel Martínez Fernández.

D^a. Patricia Novo Penas.

Voceira:

D^a. Remedios González Cabarcos e como voceiros suplentes cada un dos concelleiros que forman dito grupo, por orde de lista.

- Grupo Municipal de Independentes por Rábade.

Integrantes:

D. Francisco Xosé Fernández Montes.

D. Angel Manuel Lage García.

D^a. María Jose de Arriba Redondo.

D. Manuel Gómez López.

Voceiro:

D. Francisco Xosé Fernández Montes e como voceiros suplentes cada un dos concelleiros que forman dito grupo, por orde de lista.

- Grupo Mixto.

Integrantes:

D. Alejandro Martínez Campos (PS de G-PSOE).

Voceiro:

D. Alejandro Martínez Campos (PS de G-PSOE).

2º.- DETERMINACIÓN DO RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO.

O Alcalde-Presidente da lectura a proposta referente o punto que se trata:

En cumprimento do establecido no 38 do ROF, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por medio da presente propónse ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Conforme aos artigos 46 da LBRL, 75 e ss do ROF e 210 da LALG, as sesións ordinarias do Pleno celebraranse o segundo luns de cada mes impar. Sendo o próximo o 9 de setembro de 2019. A hora de celebración será preferentemente as 20:30 horas, salvo que por razóns xustificadas de traballo se estableza outra. No suposto de que o día sinalado coincida co festivo, non laborable ou existan razóns xustificadas, o Pleno ordinario poderá

celebrarse calquera día da mesma semana ou de calquera outra do mesmo mes, especificándose na convocatoria e na acta da sesión a expresión de “pleno substitutivo do que tería que celebrarse o ...”, sen perder por elo o carácter de ordinario.

2. As sesións ordinarias e extraordinarias urxentes realizaranse consonte ós artigos 78 e 79 do ROF e demais lexislación aplicable.

Non se fan intervencións polos grupos políticos da oposición.

Finalizado o debate, en votación ordinaria, e por unanimidade dos votos dos Sres. Concelleiros presentes, o Pleno ACORDA:

1. Conforme aos artigos 46 da LBRL, 75 e ss do ROF e 210 da LALG, as sesións ordinarias do Pleno celebraranse o segundo luns de cada mes impar. Sendo o próximo o 9 de setembro de 2019. A hora de celebración será preferentemente as 20:30 horas, salvo que por razóns xustificadas de traballo se estableza outra. No suposto de que o día sinalado coincida co festivo, non laborable ou existan razóns xustificadas, o Pleno ordinario poderá celebrarse calquera día da mesma semana ou de calquera outra do mesmo mes, especificándose na convocatoria e na acta da sesión a expresión de “pleno substitutivo do que tería que celebrarse o ...”, sen perder por elo o carácter de ordinario.

2. As sesións ordinarias e extraordinarias urxentes realizaranse consonte ós artigos 78 e 79 do ROF e demais lexislación aplicable.

3º.- COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

O Alcalde-Presidente da lectura a proposta referente o punto que se trata:

En cumprimento do establecido no 38 do ROF, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por medio da presente proponse ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1 Determinar a composición da Comisión Especial de Contas, que estará integrada por:

Presidente: Como presidente nato o Alcalde, D. Francisco Xosé Fernández Montes, que delega a presidencia da Comisión en D. Ángel Manuel Lage García.

D. Manuel Gómez López.

Suplente: D^a. María Jose De Arriba Redondo.

Dous membros do Grupo do Partido Popular:

D^a María Remedios González Cabarcos.

D^a. María Pilar Dapena González.

Suplentes:

D. Manuel Martínez Fernández.

D^a. Patricia Novo Penas.

Un membro do Grupo Mixto:

D. Alejandro Martínez Campos.

2. Os membros de esta Comisión poderán ser substituídos por calquera dos concelleiros do mesmo grupo político, aínda que non estea adscrito á mencionada comisión, esta circunstancia farase constar o iniciarse a sesión. A asistencia corresponderá o substituto asistente.

Non se fan intervencións polos grupos políticos da oposición.

Finalizado o debate, en votación ordinaria, e por unanimidade dos votos dos Sres. Concelleiros presentes, o Pleno ACORDA:

1 Determinar a composición da Comisión Especial de Contas, que estará integrada por:

Presidente: Como presidente nato o Alcalde, D. Francisco Xosé Fernández Montes, que delega a presidencia da Comisión en D. Ángel Manuel Lage García.

D. Manuel Gómez López.

Suplente: D^a. María Jose De Arriba Redondo.

Dous membros do Grupo do Partido Popular:

D^a María Remedios González Cabarcos.

D^a. María Pilar Dapena González.

Suplentes:

D. Manuel Martínez Fernández.

D^a. Patricia Novo Penas.

Un membro do Grupo Mixto:

D. Alejandro Martínez Campos.

2. Os membros de esta Comisión poderán ser substituídos por calquera dos concelleiros do mesmo grupo político, aínda que non estea adscrito á mencionada comisión, esta circunstancia farase constar o iniciarse a sesión. A asistencia corresponderá o substituto asistente.

4º.- NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

O Alcalde-Presidente da lectura a proposta referente o punto que se trata:

En cumprimento do establecido no 38 do ROF, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por medio da presente propónse ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Nomear como representante municipal no Consello escolar de primaria e secundaria a Concelleira D^a. María Jose De Arriba Redondo.

Non se fan intervencións polos grupos políticos da oposición.

Finalizado o debate, en votación ordinaria, e por unanimidade dos votos dos Sres. Concelleiros presentes, o Pleno ACORDA:

En cumprimento do establecido no 38 do ROF, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por medio da presente propónse ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Nomear como representante municipal no Consello escolar de primaria e secundaria a Concelleira D^a. María Jose De Arriba Redondo.

5º.- DAR CONTA DA DESIGNACIÓN DOS TENENTES DE ALCALDE.

Dáse conta ao Pleno do seguinte decreto de Alcaldía, quedando o Pleno por enterado. Recóllese na acta o tenor literal do mesmo:

DECRETO DA ALCALDÍA. Rábade, a 21 de xuño de 2019.

ASUNTO: NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.

D. Francisco Xosé Fernández Montes, Alcalde do Concello de Rábade.

De conformidade cás facultades e atribucións que me son conferidas polo art. 46 do R.D 2568/86 de 28 de novembro, por o que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

ACORDO:

Nomear Tenentes de Alcalde aos seguintes Concelleiros:

Primeiro Tenente de Alcalde: D. Alejandro Martínez Campos.

Segundo Tenente de Alcalde: D. Angel Manuel Lage García.

Terceiro Tenente de Alcalde: D^a. María Jose de Arriba Redondo.

Cuarto Tenente de Alcalde: D. Manuel Gómez López.

Os Tenentes de Alcaldes, como tales, correspóndelles substituír na totalidade das súas funcións e por a orde do seu nomeamento, o Alcalde nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, así como o desempeño de funcións de Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía hasta que tome posesión o novo Alcalde.

Da presente resolución darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que se celebre, ademais notificarase persoalmente ao designado e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte o da presente resolución consonte se indica na vixente lexislación.

6º.- DAR CONTA DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS CONFERIDAS POLA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno do seguinte decreto de Alcaldía, quedando o Pleno por enterado. Recóllese na acta o tenor literal do mesmo:

DECRETO DA ALCALDÍA. Rábade, a 21 de xuño de 2019.

ASUNTO: DELEGACIÓN DE ATRIBUCIONS.

D. Francisco Xosé Fernández Montes, Alcalde-Presidente do Concello de Rábade (Lugo)

De conformidade coas facultades e as atribucións que me son conferidas polos artigos 43 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

ACORDO:

1. Que sen prexuízo das delegacións e atribucións que ocasionalmente se poidan realizar, realizaranse as delegacións que a continuación de detallan nos seguintes Concelleiros:

No primeiro Tenente de Alcalde, D. Alejandro Martínez Campos, urbanismo -agás licenzas e disciplina urbanística-, deportes, vivenda e traballo. Esta delegación abarca a facultade de dirección dos servizos, así como a súa xestión quedando expresamente incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

No segundo Tenente de Alcalde, D. Angel Manuel Lage García, Economía, comercio, feiras, comunicacións e promoción do empadramento.

Na Concelleira D^a. María Jose De Arriba Redondo, servizos sociais, cultura, educación, xuventude, voluntariado e relacións coas asociacións.

No Concelleiro D. Manuel Gómez López, medio ambiente, parques e xardíns, limpeza viaria, subministro de augas e alumado público.

As anteriores delegacións abarcan a facultade de dirección dos servizos, así como a súa xestión quedando excluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, salvo que para casos concretos se realice a oportuna delegación específica.

2º.- As presentes delegacións surtirán efectos dende o día seguinte á data da presente resolución, previa aceptación dos interesados nos termos do artigo 114.

3º.- Da presente resolución darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

4º.- Ademais notificarase persoalmente aos interesados e publicarase no B.O.P. sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente resolución.

7º.- DETERMINACIÓN DA DOTACIÓN ECONÓMICA DOS GRUPOS POLÍTICOS.

O Alcalde-Presidente da lectura a proposta referente o punto que se trata:

En exercicio da facultade que confire o párrafo segundo do artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, pola que se aproban as bases de réxime local, por medio da presente propónse ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Asignar a cada grupo político unha dotación económica que sería de:

- Unha cantidade de 700 euros anuais por grupo, a pagar no mes de setembro de cada ano.

- A cantidade de 42 euros trimestrais por cada membro de grupo. Os pagos faranse con carácter trimestral. Consonte o disposto na Lei 11/99 de 21 de abril (artigo 73.3) por a que se modifica a lei de bases de réxime local ditas cantidades non poderán destinarse o pago de remuneracións de persoal de calquera tipo o servizo da corporación ou a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial. Deberán levar unha contabilidade específica que porán a dispor do Pleno, sempre que o pida. O fin fundamental de esta aportación é o funcionamento ordinario dos Grupos Políticos.

.../...

Finalizado o debate, en votación ordinaria, e por unanimidade dos votos dos Sres. Concelleiros presentes, o Pleno ACORDA:

En exercicio da facultade que confire o párrafo segundo do artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, pola que se aproban as bases de réxime local, por medio da presente propónse ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Asignar a cada grupo político unha dotación económica que sería de:

- Unha cantidade de 700 euros anuais por grupo, a pagar no mes de setembro de cada ano.

- A cantidade de 42 euros trimestrais por cada membro de grupo. Os pagos faranse con carácter trimestral. Consonte o disposto na Lei 11/99 de 21 de abril (artigo 73.3) por a que se modifica a lei de bases de réxime local ditas cantidades non poderán destinarse o pago de remuneracións de persoal de calquera tipo o servizo da corporación ou a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial. Deberán levar unha contabilidade específica que porán a dispor do Pleno, sempre que o pida. O fin fundamental de esta aportación é o funcionamento ordinario dos Grupos Políticos.

8º.- REXIME DE ADICACIÓNS, ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS PARA MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

O Alcalde-Presidente da lectura a proposta referente o punto que se trata:

En cumprimento do establecido no 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, pola que se aproban as bases de réxime local, por medio da presente propónse ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Pola asistencia a sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Mesas de Contratación, Padroados, ou calquera outro órgano colexiado, a cantidade asignada é a seguinte, (conforme ao artigo 75.4 da LBRL, modificado pola Lei 14/2000), 70 €, por concelleiro asistente. Aplicándose este gasto á partida 920.230 do Presuposto de gastos do exercicio 2019.

2. O Alcalde terá unha dedicación parcial (27 horas semanais), polas funcións e responsabilidades no exercicio do seu cargo, sendo a retribución bruta mensual de 1.973,46 € (1.520,22 euros netos, de acordo coas actuais circunstancias persoais e familiares da persoa que ostenta o cargo) máis dúas pagas extraordinarias do mesmo importe cada unha (unha en xuño e outra en decembro). Sendo dado de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, en tal concepto, asumindo o Concello as cuotas empresariais que lle correspondan. Aplicándose este gasto á partida 912.100 do Presuposto de gastos do exercicio 2019, e aplicándose con efectos do 1 de xullo do 2019.

3. O Primeiro Tenente de Alcalde e concelleiro delegado de urbanismo, deportes, vivenda e traballo terá unha dedicación parcial (12 horas semanais), polas funcións e responsabilidades no exercicio do seu cargo, sendo a retribución bruta mensual de 850,12 € (650,03 euros netos, de acordo coas actuais circunstancias persoais e familiares da persoa que ostenta o cargo) máis dúas pagas extraordinarias do mesmo importe cada unha (unha en xuño e outra en decembro). Sendo dado de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, en tal concepto, asumindo o Concello as cuotas empresariais que lle correspondan. Aplicándose este gasto á partida 912.100 do Presuposto de gastos do exercicio 2019, e aplicándose con efectos do 1 de xullo do 2019.

4. Calquera membro da corporación pola realización de comisións de servizo para a mesma, recibirá en concepto de indemnización as seguintes cantidades:

- 0,19 €, por Kilómetro recorrido.

- Por desprazamento a Concellos limítrofes a Rábade ou desprazamentos ao Concello de Lugo, unha indemnización de 50,00 €.

- Por desprazamento dentro da Comunidade Autónoma, unha indemnización de 70,00 €.

- Por desprazamento fora da Comunidade Autónoma, unha indemnización de 150,00 €. Estas determinacións complementaríanse co disposto nas Bases de Execución do Presuposto Municipal, no RD 462/2002, de 24 de maio, e demais lexislación aplicable.

5. Este acordo deberá publicarse no taboleiro de anuncios da Corporación e no BOP, en cumprimento do artigo 75.5 da LBRL.

.../...

Finalizado o debate, en votación ordinaria, e cos votos a favor do Alcalde e dos Concelleiros Sr. Lage García, Sra. De Arriba Redondo, Sr. Gómez López e Sr. Martínez Campos, e o voto en contra dos Concelleiros Sra. González Cabarcos, Sra. Dapena González, Sr. Martínez Fernández e Sra. Novo Penas, o Pleno ACORDA:

En cumprimento do establecido no 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, pola que se aproban as bases de réxime local, por medio da presente propónse ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Pola asistencia a sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Mesas de Contratación, Padroados, ou calquera outro órgano colexiado, a cantidade asignada é a seguinte, (conforme ao artigo 75.4 da LBRL, modificado pola Lei 14/2000), 70 €, por concelleiro asistente. Aplicándose este gasto á partida 920.230 do Presuposto de gastos do exercicio 2019.

2. O Alcalde terá unha dedicación parcial (27 horas semanais), polas funcións e responsabilidades no exercicio do seu cargo, sendo a retribución bruta mensual de 1.973,46 € (1.520,22 euros netos, de acordo coas actuais circunstancias persoais e familiares da persoa que ostenta o cargo) máis dúas pagas extraordinarias do mesmo importe cada unha (unha en xuño e outra en decembro). Sendo dado de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, en tal concepto, asumindo o Concello as cuotas empresariais que lle correspondan. Aplicándose este gasto á partida 912.100 do Presuposto de gastos do exercicio 2019, e aplicándose con efectos do 1 de xullo do 2019.

3. O Primeiro Tenente de Alcalde e concelleiro delegado de urbanismo, deportes, vivenda e traballo terá unha dedicación parcial (12 horas semanais), polas funcións e responsabilidades no exercicio do seu cargo, sendo a retribución bruta mensual de 850,12 € (650,03 euros netos, de acordo coas actuais circunstancias persoais e familiares da persoa que ostenta o cargo) máis dúas pagas extraordinarias do mesmo importe cada unha (unha en xuño e outra en decembro). Sendo dado de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, en tal concepto, asumindo o Concello as cuotas empresariais que lle correspondan. Aplicándose este gasto á partida 912.100 do Presuposto de gastos do exercicio 2019, e aplicándose con efectos do 1 de xullo do 2019.

4. Calquera membro da corporación pola realización de comisións de servizo para a mesma, recibirá en concepto de indemnización as seguintes cantidades:

- 0,19 €, por Kilómetro recorrido.

- Por desprazamento a Concellos limítrofes a Rábade ou desprazamentos ao Concello de Lugo, unha indemnización de 50,00 €.

- Por desprazamento dentro da Comunidade Autónoma, unha indemnización de 70,00 €.

- Por desprazamento fora da Comunidade Autónoma, unha indemnización de 150,00 €. Estas determinacións complementaranse co disposto nas Bases de Execución do Presuposto Municipal, no RD 462/2002, de 24 de maio, e demais lexislación aplicable.

5. Este acordo deberá publicarse no taboleiro de anuncios da Corporación e no BOP, en cumprimento do artigo 75.5 da LBRL.

Rábade, 28 de xuño de 2019.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 1922

O VICEDO

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de 01/07/2019 prestouse aprobación ás bases para a selección, mediante concurso oposición, de dous/dúas técnicos/as de educación infantil, a xornada completa, con adscrición ó servizo municipal de Proximidade para a Atención á Infancia (PAI) do Concello do Vicedo, como persoal laboral temporal.

O prazo para presentación de solicitudes remata transcorridos dez días naturais dende a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia.

Todas aquelas persoas interesadas en participar no proceso selectivo poderán retirar copia das bases no rexistro xeral do Concello do Vicedo ou consúltalas no taboleiro de anuncios, na sede electrónica (www.concellodovicedo.org) ou no blog de emprego: emplegovicedo.blogspot.com.

O Vicedo, 1 de xullo de 2019.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1931

MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUGUESA

Anuncio

ANUNCIO APROBACIÓN CONTA XERAL

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2019, expónse ao público a conta xeral correspondente ao exercicio 2018, por un prazo de quince días, durante os que e oito máis quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Barreiros, 28 de xuño de 2019.- O Presidente, Alfredo Llano García.

R. 1932

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

D/Dª SINESIO NOVO FERNANDEZ, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 002 DE LUGO.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/Dª EVA CABADO PEREZ, MARIA SUSANA CARRAL RODRIGUEZ contra ANTONIO FERNADEZ SOMOZA, en reclamación por DESPIDO, registrado con el nº DESPIDO/CESES EN GENERAL 155 /2019 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, citar a ANTONIO FERNADEZ SOMOZA, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día **13/09/2019 a las 11:25 horas**, en Planta 3 - Sala 6 - Edif. Xulgados, **para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio**, dejando sin efecto el señalamiento anterior de fecha 12/07/2019 a las 10:30 horas, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **ANTONIO FERNADEZ SOMOZA**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En LUGO, a veinticinco de junio de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1923

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/29309

La Xunta de Galicia Consellería de Infraestructuras e Vivenda, con C.I.F. 1511001H Q, solicita autorización para efectuar obras dentro de la Zona de Policía de Cauces.

Las obras estarán situadas en la margen izquierda del río Neira y sobre el Rego do Souto, en el T.M. de Baralla (Lugo), y consistirán las mismas en la ejecución de las actuaciones contempladas en el proyecto constructivo "Acondicionamento da estrada LU-710. PP.QQ. 0+000 - 4+500".

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente.

EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 1924